

1 PREPARACIÓN DO TERREO


- Subsolado mecanizado
- Aburatado mecanizado
- Aburatado manual (zonas de mecanización difícil)

2 PLANTACIÓN

- **Densidade de plantación inicial:** de 278 varetas/ha. Material en varetas de 2 zumes, de 4 a 5 m, que cómpre plantar a raíz profunda.
- **Marco da plantación:** 6 metros entre liñas e 6 metros entre plantas. Clons de *Populus × interamericana*, en particular “Raspalje” ou “Unal”.

3 MANTEMENTOS

- **Primeiro ano:** reposición de varetas mortas.
- Rozas ou gradeos superficiais anuais ata os 6 anos. Cada dous anos, de 6 a 16 anos.
- Compatible con pastoreo ou cultivo agrícola durante os 5 primeiros anos.



MODELO SILVÍCOLA PCA (populicultura en solos acedos)

ESPECIE: *Populus spp.*, en particular *Populus × interamericana*

OBXECTIVO: produción de madeira apta para desenrolo

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: depresións de Lemos, A Limia, Verín e A Terra Chá. Distritos X, IX e VIII de Lugo e XIII, XIV e XV de Ourense. Alternativa produtiva en terreos agrícolas en abandono, tras o seu paso polo banco de terras. Orientado á produción de madeira de calidade con xestión intensiva. Compatible con pastoreo ou cultivo agrícola durante os cinco primeiros anos

4 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- **Podas:** podas reiteradas nos anos 3, 4, 5, 6 ou 7 ata 2 m da altura podada en cada intervención, alcanzando unha altura total podada de 10 m.
- **Podas de formación:** no ano 2, eliminando galladuras e ramas moi grosas ou de tendencia vertical.
- **Rareas:** non realizar rareas.

5 CORTA FINAL

- **Idade de corta:** a quenda de 14-18 anos sobre todos os pés plantados salvo a mortalidade natural.
- **Métodos de corta:** corta a feito seguida de repoboación.